



INFORME AMBIENTAL ESTRATÉGICO RELATIVO AO PLAN ESTRUCTURANTE DE ORDENACIÓN DE SOLO EMPRESARIAL DA AMPLIACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE BALAIÇOS, NO CONCELLO DE VIGO

Promotor: Consorcio Zona Franca de Vigo

Órgano substantivo: Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial
(Consellería de Economía e Industria)

Expediente: 2026AAE3069

ANTECEDENTES

- 1 O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) vixente no concello de Vigo aprobouse definitivamente o 26.5.2025 (DOG núm.123 do 30.6.2025), tras ser sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.
- 2 O 30.4.2014 por acordo do Consello da Xunta de Galicia foi aprobado definitivamente o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOAE) (DOG núm.101 do 28.5.2014), o cal foi sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica. Ámbito de actuación para a ampliación do Polígono industrial de Balaídos foi incluído na modificación puntual número 2 do PSOAE (MP2), aprobada definitivamente por acordo do Concello da Xunta de Galicia o 21.12.2023 (DOG núm.18 do 25.1.2024).
- 3 O 3.2.2026 recibimos na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade un escrito da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial no que solicita iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Plan estruturante de ordenación de solo empresarial da ampliación do Polígono industrial de Balaídos (Vigo)" (en diante, plan ou PEOSE) de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e nos artigos 37 e 38 da Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia para o que achega o documento ambiental estratéxico (DAE) e o borrador do plan.
- 4 O 12.2.2026 iniciamos un período de consultas previo á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de trinta (30) días hábiles.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, determina (artigo 30.1) que o desenvolvemento das actuacións de solo empresarial previstas no PSOAE realizárase a través de plans estruturantes de ordenación



do solo empresarial cando as devanditas actuacións sexan de promoción pública. Esta lei integrou no procedemento de aprobación dos plans estruturantes de ordenación do solo empresarial o procedemento de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

- 2 Os plans estruturantes de ordenación do solo empresarial que non se atopen nos supostos recollidos no artigo 6.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, deberán someterse a avaliación ambiental estratéxica simplificada (artigo 37.2 da Lei 3/2022). No informe ambiental estratéxico o órgano ambiental determinará se o plan ten ou non efectos significativos no medio; no caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza; no caso contrario, someterase a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria.
- 3 Segundo o artigo 38 da Lei 3/2022, o órgano ambiental formulará o informe ambiental estratéxico tras consultar ao órgano competente en materia de ordenación do territorio, ás demais administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de trinta días hábiles.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ao amparo do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Obxecto do plan e ámbito de actuación

Obxecto: Planificar e ordenar as actuacións urbanísticas necesarias para desenvolver a ampliación do Polígono Industrial de Balaídos.

Ámbito de actuación: Terreos situados na parroquia de San Pedro de Matamá ao suroeste do tramado urbano da cidade de Vigo. A área de actuación linda ao norte e oeste co actual Polígono Industrial de Balaídos, ao sur cos núcleos de Ribás e O Roupeiro e ao leste co de Campos.

Trátase dunha actuación prevista na MP2 do PSOAEG, e os terreos afectados están clasificados no PXOM como solo urbanizable de uso característico industrial correspondente co Polígono Balaídos Sur (AR-SUB 503).

Superficie do ámbito: 233.304,57 m² (23,33 ha)¹.

¹ A ficha do PSOAEG contempla un ámbito de 235.664 m² para a ampliación do polígono industrial de Balaídos. A delimitación prevista no PEOSE exclúe do seu ámbito a zona de dominio público viario da estrada PO-010.





Ámbito do PEOSE

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito do PEOSE queda emprazado na área periurbana suroeste da cidade de Vigo, nunha área intermedia entre o tramado urbano industrial do actual polígono de Balaídos, ocupado pola factoría de Stellantis e outras instalacións que forman parte da zona franca, e núcleos residenciais da contorna urbana sur que forman parte da cidade difusa. De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o sector localízase na grande área paisaxística Rías Baixas, na comarca paisaxística de Vigo Litoral.

Trátase de terreos de natureza maiormente rústica de escasa pendente nos que se mesturan parcelas agrícolas (ao oeste) e de pradaría (ao leste) con asentamentos residenciais de vivenda unifamiliar que en casos contan con zonas de xardín e cultivo asociadas. Segundo a información do borrador, no ámbito existen unhas 29 parcelas que contan con algún tipo de edificación, na maior parte dos casos (23) tratándose de vivendas unifamiliares con construcións anexas.

Na zona central e boa parte do linde norte do sector se localizan masas forestais mixtas de piñeiro e eucalipto, con presenza de algúns exemplares de carballo. No ámbito tamén se detectan en diferentes zonas especies exóticas invasoras como acacias negras (*Acacia melanoxylon*), falsas acacias (*Robinia pseudoacacia*) ou herba da pampa (*Cortaderia selloana*), ademais de canas (*Arundo donax*) na contorna do rego Pereiró.

Pola zona leste do sector atravesa en sentido norte-sur o rego de Pereiró tributario do río Lagares o cal discorre a uns 385 metros ao norte do sector.

Na área de actuación o organismo de bacía identificou como área de risco potencial significativo de inundación (ARPSI) o curso do río Lagares (ES014-PO-01-02-07-01) e o rego de Pereiró (ES014-PO-01-02-07-04), quedando pequenas áreas do norte e leste ámbito do PEOSE dentro da zona inundable (T500) e de fluxo preferente delimitadas².

² A diferenza de superficie entre o ámbito reaxustado e o previsto no PSOAEG é menor do 20%.

2 Sistema nacional de cartografía de zonas inundables (<https://sig.mapama.gob.es/snczi/index.html?herramienta=DPHZI>).



O ámbito vese afectado por dous bens patrimoniais correspondentes con achados arqueolóxicos catalogados no PXOM; o Petróglifo de Redondelos (GA36057044) delimitado na zona central do PEOSE e o Castro de Matamá (GA36057045) identificado fora do ámbito pero cuxo contorno de protección subsidiario afecta á zona sur. No interior tamén se identifican dous elementos recollidos no Catálogo pertencentes ao conxunto de fontes e lavadoiros en Matamá (ficha EL.15.001). Fóra do ámbito, cara ao sur, tamén existen varios hórreos catalogados que forman parte do conxunto de hórreos da parroquia de Matamá (ficha EH.15.001).

Segundo os datos do Mapa Estratéxico de Ruido do concello de Vigo (ano 2022) fase 4ª, o ámbito de actuación vese afectado polas emisións acústicas asociadas ás instalacións do actual polígono industrial de Balaídos, superándose nalgúns zonas do norte os niveis de ruído ambiental admitidos na lexislación vixente para novos sectores de desenvolvemento de uso predominante industrial³.

O polígono industrial de Balaídos sitúase nunha zona con acceso a eixos viarios como as estradas autonómicas PO-010 (lindeira polo sur), PO-552-avenida Citroën (lindeira polo norte e oeste) ou PO-330-avenida de Castrelos (discorre a uns 250 metros ao leste). Os accesos ao actual polígono efectúanse por unha glorieta situada na PO-010, dende a que se pode enlazar coa vía de alta capacidade VG-20 que discorre a uns 550 metros ao sur. No PXOM está contemplado un sistema xeral viario (A-XVIA14) polo interior do sector que permita unir a citada glorieta coa avenida de Castrelos (ao leste).

En canto aos servizos, tanto o polígono industrial de Balaídos lindeiro como os núcleos da contorna dispoñen de acceso inmediato ás redes municipais de abastecemento e saneamento de auga. Segundo a información aportada pola empresa concesionaria dos servizos (Aqualia) o ámbito atópase na zona de subministro da ETAP de Casal existindo redes de abastecemento nas rúas da contorna (avenida Citroën, rúas Roupeiro, Parada, Campos e nos camiños de Padrón e Ribas). A rede de saneamento, con colectores tamén nas rúas da contorna, pertence á cunca vertente cuxos colectores levan as augas á EDAR de Lagares.

Segundo a información do borrador, pola zona leste do ámbito atravesan diversas liñas aéreas de alta tensión en sentido norte-sur e polo interior de leste ao suroeste o fai outra de media tensión.

3. Proposta do plan


Análise de alternativas: No DAE foron valoradas dúas alternativas de ordenación para o PEOSE ("1" e "2"), ademais da a alternativa cero ou non formulación do plan. As propostas formuladas son moi semellantes, propoñendo en ambos casos un sistema xeral viario polo interior (previsto no PXOM) que divide a ordenación en

³ Segundo o Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas (táboa A do anexo II), nos novos desenvolvementos urbanísticos con uso predominante industrial non se poden superar os 70 dB durante o día e os 60 dB durante a noite.




dúas partes, ao norte da parcela de usos industriais en continuidade co polígono existente e ao leste das parcelas de uso industrial-terciario, tamén separados por un viario interior. A principal diferenza radica na ordenación da zona sur, onde a alternativa "1" combina as zonas verdes cunha nova parcela de uso industrial mentres que na alternativa "2" prevé un sistema de zona verde continuo.


No DAE lévase a cabo unha análise das tres alternativas formuladas valorando cuantitativamente mediante táboas o nivel de cumprimento de determinados obxectivos e aspectos clave das variables ambientais de referencia consideradas. A análise conclúe sinalando que alternativa "2" conséguese un mellor cumprimento dos criterios e principios de sustentabilidade. Arguméntase que a alternativa seleccionada garante a preservación dos elementos de maior valor ambiental, contribúe á racionalidade e mellor integración urbanística do ámbito, o impulso da actividade económica local e permite mellorar os estándares da calidade de vida da poboación.



Alternativa 1



Alternativa 2



Alternativas "1" e "2" propostas (extracto dos planos AAE.02.1.1 e AAE.02.2.1 do DAE)




Resumo da proposta:

A ordenación prevista no borrador distribúe o aproveitamento lucrativo en tres parcelas, unha de maior dimensión na metade norte en continuidade co actual polígono de Balaídos destinada a usos industriais (M-1) e as outras dúas de uso terciario-industrial emprazadas no extremo leste (M-2 e M-3).

A proposta incorpora un sistema xeral viario estruturante (vía M-00, prevista no PXOM como actuación A-XVIA-14 t1) que atravesa o sector pola zona interior conectando a estrada PO-010 (ao oeste) coa rúa Campos (ao leste). Este viario conflúe ao nordés con outro eixo viario de sistema xeral (vía V-36, prevista no PXOM como actuación A-XVIA-20 t1) que prestará acceso ás parcelas M-2 e M-3. O acceso principal ao ámbito realizarase dende a glorieta existente na PO-010 ao suroeste.

Ao sur do citado sistema xeral viario dispóñense as reservas para dotación de sistema local de zona verde (ZV-1, ZV-3 e ZV-5), coincidentes coa definida no PXOM para o Parque de Balaídos Norte (SL-O-XAR-754). Ademais, propóñense no perímetro sur outras dúas reservas de zona verde (ZV-2 e ZV-4).



Proposta de ordenación (Extracto do Plano 0.01.1 - Zonificación. Ordenación Estructurante)

Proxéctase un total de 502 prazas de aparcadoiro en dominio público, 446 ao suroeste na zona de reserva viaria⁴ de acceso á parcela M-1 e outras 56 a ambos lados do sistema xeral viario que separan as parcelas M-2 e M-3.

Para resolver o abastecemento de auga proxéctanse conexións coas redes existentes en dous puntos (plano 0.03.1 Redes de servizos Proxectadas).

4 Segundo se recolle no borrador apartado 5.2.1.1 da memoria xustificativa, se no proxecto de desenvolvemento e urbanización se inclúen os viais de determinacións non estruturantes de eficacia diferida e non é necesario para o cumprimento dotación mínima de aparcamento, esta zona de aparcamento poderase dispoñer esta parcela para uso lucrativo (industrial-terciario).



Abastecemento), un ao norte na zona de contacto co polígono existente para a parcela M-1 e outro ao nordés no camiño de Sabarís para as M-2 e M-3. Para o saneamento tamén se prevé a conexión cos colectores existentes na contorna en dous puntos (plano *O.03.2 Redes de servizos Proxectadas. Saneamento*), un ao norte na zona de contacto co polígono existente para a parcela M-1, e outro ao leste para as M-2 e M-3. Tamén se contemplan conexións do ámbito coas redes de enerxía eléctrica, gas e de telecomunicacións existentes na contorna.

Segundo a programación prevista no borrador o PEOSE executarase en dúas fases, unha primeira correspondente coa parcela M-1 e un tramo de sistema viario interior da mesma, e nunha segunda na que se inclúen as parcelas M-2 e M-3, todas as dotacións de zona verde e o sistema xeral viario.

4. Consultas previas

Realizamos as seguintes consultas previas á formulación deste informe ambiental:

<i>Administracións públicas afectadas</i>	<i>Resposta</i>
Dirección Xeral de Urbanismo	x
Instituto de Estudos do Territorio	x
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x
Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)	x
Concello de Vigo (⁵)	x

Asemade, o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería para que o público puidese consultalos e facer observacións ou suxestións de carácter ambiental. Recibíronse alegacións por parte do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, a Asociación Ecoloxistas en Acción, a Asociación Veciñal A Unión de Matamá e de varios particulares.

O promotor deberá considerar na elaboración do plan a totalidade das observacións e suxestións recibidas, para o cal se lle remiten os textos íntegros dos informes formulados na fase de consultas previas. Non obstante, resúmense a continuación as principais cuestións que poden ter incidencia na avaliación ambiental do plan.

Dirección Xeral de Urbanismo

O PEOSE trátase do desenvolvemento dunha actuación prevista no PSOAEG, polo que non resulta precisa a declaración do seu interese autonómico.

Os únicos instrumentos de ordenación do territorio concorrentes no ámbito son as DOT e o PSOAEG. Respecto das DOT, non resulta precisa a inclusión dunha análise de compatibilidade estratéxica (ACE), por tratarse dunha área prevista na MP2 do PSOAEG (art. 45 da LOTG) aprobada ao abeiro das ditas DOT. Asemade, achégase

5 Achega informes emitidos pola Xerencia Municipal de Urbanismo, os Servizos Electromecánicos e Aforro Enerxético, Aqualia, UFD Naturgy, Nedgia e Telefónica.



xustificación do cumprimento das determinacións para o desenvolvemento das áreas empresariais recollidas no apartado 3.2 das DOT que resultan de aplicación, polo que non se atopan obxeccións, dende este punto de vista, para levar a cabo a actuación proposta. En canto á relación co PSOAEG, o PEOSE leva a cabo un reaxuste na delimitación do ámbito, moi inferior ao 40% que posibilita o artigo 30 da Lei 3/2022, do 18 de outubro para áreas empresarias que se constitúan como ampliación doutra existente.

O cumprimento do parámetro relativo ás prazas de aparcamento deberá quedar xustificado para cada fase de urbanización en función da superficie de parcelas urbanizadas na mesma (artigo 50.2 da Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia), o que cómpre aclarar para o caso da primeira fase prevista.

Considérase correcta a disposición das zonas verdes propostas, como amortecemento do posible impacto nas zonas residenciais situadas cara ao sur, así como aos efectos de mitigar o impacto sobre o rego de Pereiró, en concordancia coas determinacións vinculantes do PSOAEG e do PXOM. En todo caso, a súa efectividade determinarase nos informes que, en materia de paisaxe e augas, se emitan durante a tramitación.

Con respecto á rede viaria proposta, existe discrepancia entre a memoria, na que se fixa unha dimensión transversal de 10,5 m para o sistema xeral viario (treito 1 e 2), e no plano O.02.3.1 no que se reduce a 10 m, pola distinta dimensión da beiravía. En todo caso, calquera das dúas dimensións resulta inferior á mínima de 12 m prevista no artigo 74.1 do Regulamento da Lei do solo de Galicia (RLSG) para o sistema viario dos sectores e ámbitos de uso industrial ou terciario distinto do hostaleiro, o que cómpre corrixir. A franxa de 9 m de reserva viaria que se prevé para futuras ampliacións non pode considerarse como parte do vial proxectado aos efectos do cumprimento do anterior parámetro. Para o resto do viario estruturante, a sección transversal é de 13 e 29 m, o que se considera axeitado. Asemade, bótase en falta, aínda que sexa con carácter orientativo, a disposición de carrís-bici nas vías principais proxectadas (artigo 74.2 do RLSG).

Instituto de Estudos do Territorio

O proxecto materializa unha importante transformación urbanística, prevista no PXOM e no PSOAEG, e a súa localización, nunha zona periférica da cidade pero en continuidade co polígono industrial existente, resulta congruente cos criterios que expresan a este respecto as Directrices de paisaxe.

Valórase positivamente certos criterios de ordenación, como son as novas conexións do sistema viario e concentrar o corredor verde ao sur, en continuidade coas vivendas existentes, como amortecemento visual da zona industrial.

As medidas preventivas e correctoras propostas no estudo da paisaxe considéranse completas e axeitadas e acordes coas Directrices de paisaxe.



O PEOSE pode provocar as incidencias paisaxísticas propias dun novo desenvolvemento urbanístico, se ben ese impacto non será significativo, e incluso mellorará a imaxe urbana actual.

O plan incorpora un estudo da paisaxe e un estudo da paisaxe urbana, ambos proporcionados e específicos ao lugar e ás funcións do plan, e co contido que regulan os artigos 35 e 36.1 do RLPPG.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Detéctanse elementos estruturantes do territorio como muros, cómaros e noiros, así como masas boscosas que deberán conservarse, en tanto elementos caracterizadores do ámbito e mitigadores do impacto do polígono sobre os elementos con valor cultural identificados a protexer. A súa protección realizarase a través da normativa de protección do PEOSE.

O topónimo de 'As Regadas' parece facer mención ao sistema de rego tradicional, que, na medida do posible, debe ser preservado e integrado nas zonas verdes e espazos libres previstos.

O PEOSE deberá incluír un catálogo con todos os bens do patrimonio cultural con afección sobre o seu ámbito de actuación. As fichas conterán a información esixida pola normativa vixente.

Valórase positivamente o traballo realizado polo arqueólogo no documento de "Evaluación de impacto sobre el Patrimonio Cultural en el PEOSE del parque empresarial de Balaídos". Concórdase coas conclusións achegadas respecto aos dous bens arqueolóxicos afectados.

Faise mención ás cautelas e afeccións en relación ao patrimonio arqueolóxico recollidas no informe da DXPC relativo ao PSOAEG do 21.11.2012.

O traballo, contribucións, conclusións e medidas correctoras da memoria de avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural considéranse axeitas, polo que se deben cumprir.

A maiores das medidas correctoras definidas pola memoria de prospección arqueolóxica, debese facer un control arqueolóxico continuo a pé de obra tanto do desbroce, como de calquera remoción de terras de toda a superficie do ámbito. No caso de detectarse bens arqueolóxicos paralizaranse as obras e comunicarase de xeito inmediato á DXPC. Para levar a cabo calquera das actuacións arqueolóxicas, atenderase en particular ao recollido nos artigos 93, 96 e 100 da LPCG.

A ordenación deberá integrar do xeito máis orgánico posible as masas boscosas de interese dentro do ámbito.

Considérase adecuado que tanto os elementos etnolóxicos, como o petróglifo dos Redondelos se integren integramente dentro das zonas verdes, mais coidarase que



non sexa como elementos descontextualizados. Para elo deberá manterse a zona verde coas características vexetais autóctonas, tanto de especies arbóreas como de monte baixo e herbáceas. Ademais deberá xerarse unha malla vexetal conformada por arboredo autóctono de bo porte (mantendo o existente na actualidade) que faga de pantalla vexetal e separe de forma contundente o espazo do petróglifo do sistema vial e das edificacións do polígono.

A proposta de ordenación procurará unha integración real dos bens do patrimonio cultural e dará cumprimento ás esixencias normativas vixentes, en particular aos artigos 35 e 46 da LPCG.

A normativa deberá incluír un réxime específico para a protección do patrimonio cultural, incluíndo os muros tradicionais, así como o réxime de autorizacións aplicable aos bens catalogados recollidos nos artigos 34.1, 39 e 45 da LPCG.

Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)

As glorietas e os seus ramais deben axustarse ao que se establece na normativa sectorial⁶. A glorieta proposta na estrada PO-330 non parece axustarse.

O documento debe incluír planos de definición dos novos accesos propostos ás estradas autonómicas e a xustificación do cumprimento da normativa de aplicación.

Deberase de incluír un estudo de tráfico no que se analice a capacidade das estradas autonómicas (PO-010 e PO-330) e dos seus elementos (glorietas, interseccións, accesos,...) para absorber o tráfico xerado polo ámbito, tanto no ano de posta en servizo, coma no ano horizonte (20 anos desde a posta en servizo). No dito estudo, os ratios empregados para o cálculo do tráfico xerado polo ámbito, que deberán xustificarse, serán coherentes co réxime de usos establecido na normativa. Empregaranse os datos de tráfico das IMD do ano 2024 e cando sexan precisos outros datos (relación IH30/IMD, etc) empregarase a estación afín PO-552 (3).

A zona de afección e a liña límite de edificación das estradas autonómicas afectadas deben representarse e acoutarse nos planos de información (afeccións sectoriais) e clasificación. Terase en conta que nos tramos urbanos (como é o caso dos ámbitos de solo urbano do PXOM), conforme ao artigo 38.4 da Lei de Estradas de Galicia (LEG), non se establecen nin zonas de protección da estrada, nin liña límite de edificación.

En aplicación do artigo 23.4 da LEG e conforme ao recollido no PXOM, destinaranse ao sistema xeral viario, incluíndoos como parte do sector, os terreos comprendidos entre a liña exterior da zona de dominio público e a liña límite de edificación.

6 Na Norma 3.1-IC Trazado, na Instrución de accesos nas estradas convencionais de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia (OC 3/2007) e na OC 3/2017 pola que se indica o procedemento para establecer os condicionantes xeométricos, de circulación e de seguridade viaria que son necesarios para a autorización dun novo acceso de actuacións urbanísticas, vías urbanas e camiños públicos, instalacións de servizo e doutras propiedades a unha glorieta dunha estrada de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia



Na estrada PO-330 considerárase o dominio público viario delimitado na cartografía do catastro. No caso de que a explanación das estradas, así como a dos seus elementos funcionais, sexa superior ao dominio público viario considerado, tomarase a dita explanación como dominio público viario.

A normativa debe incorporar aos criterios de ordenación que, para os solos urbanizables e urbanos, a AXI considera precisos en relación á Rede autonómica de estradas de Galicia, así como as limitacións de uso derivadas do ruído.

O plan adaptárase á normativa sectorial e, no seu caso, aos proxectos de trazado, anteprojectos, proxectos de construción e proxectos sectoriais da rede viaria, aprobados pola AXI que lle afecten dentro do seu ámbito territorial.

Concello de Vigo

Deberán recollerse no documento o regueiro do Roupeiro (denominación segundo os traballos de levantamento toponímico levado a cabo polo servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo), que nace por baixo do núcleo de Igrexa e desemboca no río Lagares, así como a mina de auga existente.

Deberán avaliarse e integrarse na proposta de ordenación as medidas recollidas no Plan de Xestión de Risco de Inundación da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa 2021-2027 para o río Pereiró (PereiroF01).

Terase en conta que a ficha do PXOM establece a integración no sistema de espazos libres a zona de fluxo preferente e a zona inundable T500 do Lagares.

Entenderanse como parte da actuación os ríos Pereiró e Lagares, no senso, principalmente, do establecemento de medidas de prevención da contaminación e de recuperación da vexetación de ribeira autóctona. Aqualia propón aproveitar a nova canalización do rego Pereiró para descargar as augas pluviais dun futuro sistema separativo da ampliación do Polígono, ou mesmo descargar outras redes de augas pluviais da conca vertente, así como separar na medida do posible os colectores de augas fecais da canle do rego.

Deberán identificarse os impactos que van xerar os grandes movementos de terra derivados da actuación sobre o patrimonio natural existente (flora e fauna).

Incorporarase un inventario das especies exóticas invasoras e as medidas necesarias para a súa erradicación e control.

Terase en conta que o ámbito está incluído no Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras.

Estudárase a compatibilidade e integración paisaxística da proposta na súa contorna, con especial atención aos núcleos existentes.

Estudárase un espazo de transición adecuado entre o tecido industrial e o residencial e realizaranse os diferentes informes e estudos esixidos na normativa e no PXOM (como o electromagnético).



Deberase elaborar un estudo acústico que contemple todos os focos emisores de ruído (existentes e proxectados na nova ordenación). Se deben avaliar todos e cada un dos focos emisores de ruído existentes que teñan afección sobre o ámbito de influencia (vías da contorna, actividade industrial existente,...), reflectindo os datos de entrada no modelo empregado. No caso de superarse os obxectivos de calidade acústica deberán establecerse as medidas necesarias. Calquera modificación na ordenación do PEOSE que se leve a cabo na documentación para aprobación inicial deberá avaliarse acusticamente.

Toda a zona de protección do petróglifo de Redondelos deberá incluírse nunha zona verde e atender ás medidas expostas no informe emitido pola arqueóloga municipal, como por exemplo proceder á escavación arqueolóxica da laxa na que se atopa o petróglifo de e do seu entorno máis próximo.

Terase en conta as afeccións derivadas das servidumes aeronáuticas e das liñas eléctricas de AT e MT que segundo a ficha do PXOM deben soterrarse.

A posposición sen prazo da metade da sección do sistema xeral viario que estrutura o ámbito non cumpre o PXOM.

Deberá recollerse a execución dos sistemas xerais a-ele-03 (73%) e actuacións de viario A-XVIA-19 t1, A-XVIA-14t e A-X-VIA-20 t1.

Deberán sinalarse as tipoloxías das zonas verdes previstas e xustificar o cumprimento das condicións esixibles para ser calificadas de tales.

Deberá xustificarse a viabilidade topográfica das actuacións previstas, a ausencia de reserva de equipamento e a cesión para arborado e a viabilidade e funcionalidade do carril bici.

Deberá identificarse o emprazamento das prazas de aparcamento sen que se admitan no sistema xeral viario.

Realizárase unha programación que permita cumprir as previsións e obxectivos do PXOM e considerar calquera repercusión sobre o equilibrio de cargas e beneficios dos ámbitos colidentes producido por calquera axuste.

O sistema viario previsto non se axusta, nalgún dos seus treitos, ao previsto no PXOM. O deseño do viario debe respectar os criterios do plan xeral co obxectivo de acadar a funcionalidade final no planeamento.

Contemplanse o establecemento dunha faixa secundaria para a xestión da biomasa de 50 metros arredor das instalacións industriais que estean a menos de 400 metros do monte e nela non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007.

A execución e urbanización de todo o ámbito executarase nunha soa fase.

Aqualia sinala que a medida que avance a tramitación do Polígono será necesario definir en detalle as redes de saneamento e EBAR afectadas, podendo ser necesario



a renovación, desvío e prolongación dos colectores municipais, así como a instalación de novas EBAR alternativas.

Agrupación Municipal do Bloque Nacionalista Galego

O DAE non xustifica a necesidade de ocupar máis de 230.000 m² de solo para usos empresariais industriais, sen analizar a capacidade de reordenación do solo existente nin avaliación de alternativas territoriais reais. A “alternativa 0” descártase sen unha avaliación comparativa real dos seus efectos ambientais, económicos e sociais. Omítese calquera análise sobre a dispoñibilidade de solo empresarial infrautilizado na contorna, como o Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valadares ou a Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra-As Neves.

Tampouco avalía os impactos acumulativos e sinérxicos da ampliación sobre unha contorna habitada xa sometida a presión industrial, nin analiza os efectos preexistentes sobre a poboación da parroquia de Matamá. Resulta especialmente relevante a ausencia dunha avaliación específica dos efectos sobre a saúde humana. Non se incorporan estudos sobre calidade do aire, a exposición a partículas nin do impacto do incremento do tráfico pesado. As medidas correctoras propostas, entre as que destaca a creación dun denominado “cinto verde”, resultan claramente insuficientes, ao tratarse dunha solución de carácter fundamentalmente paisaxístico que non garante nin o illamento acústico nin a retención efectiva de contaminantes atmosféricos, nin resolve os impactos derivados do incremento da actividade industrial e do tráfico pesado.

A actuación implica a transformación irreversible de solo, a alteración de hábitats, a impermeabilización do solo con afección ao ciclo hidrolóxico e a posible incidencia sobre cursos fluviais como o rego do Pereiró, sen que o DAE incorpore unha análise hidrolóxica detallada. Así mesmo, non se realiza unha avaliación suficiente das afeccións indirectas sobre elementos do patrimonio cultural, como o petróglifo de Redondelos. Tampouco se analizan de maneira adecuada os impactos en termos de cambio climático, omitindo a avaliación das emisións de gases de efecto invernadoiro e a súa coherencia cos obxectivos establecidos na Lei 7/2021, de cambio climático e transición enerxética.

Advírtese unha certa inseguridade xurídica derivada da impugnación do planeamento xeral recentemente aprobado.

O PEOSE debe someterse ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria dada a concorrencia de efectos ambientais significativos, acumulativos e sinérxicos, así como o seu potencial impacto sobre a saúde da poboación. No marco do devandito procedemento ordinario, debería esixirse a incorporación dunha análise real e rigorosa de alternativas, incluíndo a optimización do solo empresarial existente e a utilización de áreas infrautilizadas, e que se reavalíe a necesidade da actuación conforme aos principios de sustentabilidade, racionalidade e protección da saúde pública.



Agrupación Ecoloxistas en Acción e Asociación Veciñal A Unión de Matamá

Non poden entenderse cumpridas as esixencias establecidas como "alternativas consideradas", respecto de localización.

A Lei 34/2007, de 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, regula a protección de atmosfera, establecendo que a localización debe minimizar as afeccións. En zonas residenciais e de alto valor ecolóxico, os límites de contaminantes son máis estritos.

A incidencia de enfermidades respiratorias e cancro nos barrios próximos (Roupeiro, Parada, Ribás e Padrón) é moito maior á das zonas máis afastadas. A poboación destes barrios sofre a afectación directa das emisións sen o control adecuado, mediante os filtros pertinentes. A ampliación aumentará, substancialmente, as emisións de partículas e compostos orgánicos volátiles, sen garantía de que os sistemas de mitigación sexan suficientes para a protección da saúde.

Solicítase un estudo de dispersión de contaminantes emitidos á atmosfera actualmente. Non se avaliou correctamente o impacto acumulativo das instalacións actuais, sumando a ampliación, o que empeorará a calidade do aire, xa afectada na zona. Dita ampliación contravén o Plan de Mellora de Calidade do Aire (PMCA).

Requírese un estudo sobre o efecto da contaminación ambiental na poboación próxima á zona industrial, ligado á calidade do aire, a través de toma de datos de enfermidades relacionadas coa contaminación atmosférica.

Segundo o RD. 1367/2007, de 19 de outubro, as zonas residenciais e zonas verdes (cualificadas como áreas de sensibilidade acústica tipo II) teñen obxectivos de calidade máis baixos. A poboación local leva soportando durante décadas, olores e ruídos que impiden o descanso nocturno. A ampliación do Polígono incrementará estas molestias, afectado á calidade de vida e o benestar da veciñanza.

A zona verde actual alberga especies incluídas no Catálogo Español de Especies Ameazadas. As obras constitúen un impacto negativo real, a destrución do seu hábitat e ilegal, por non falar do sin sentido de fragmentar dito hábitat, illando as poboacións de fauna. Entre as especies ameazadas que se atopan na contorna afectada, atopamos: píntega, miñato, gavián, curuxa, raposa, entre outras.

O trazado do vial de alta capacidade contemplado resulta agresivo e prexudicial para a veciñanza. Proponse como alternativa aproveitar o desnivel existente na zona do barrio de Roupeiro para que vaia soterrado. Na zona do barrio de Padrón, consideramos que este vial discorre máis afastado das vivendas. En ámbolos dous casos, para aproveitar máis o espazo da zona verde, protexendo á veciñanza.

Un proxecto que se sitúa en área urbanizada e que implica actuación superior a 5 ha, debería seguir o procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria.



Particulares

O PEOSE debe someterse ao procedemento ordinario ao concorrer efectos significativos previsibles conforme ao Anexo V da Lei 21/2013 indicando, entre outros aspectos, que o PEOSE implicará un incremento da exposición de poboación ao ruído, tráfico, emisións difusas, cheiros, contaminación lumínica e un conflito de compatibilidade de usos industrial-residencial. Existen condicionantes e riscos (hidroloxía do rego Pereiró, zonas inundables/fluxo preferente, risco de incendios, afeccións acústicas) que reforzan a previsibilidade de efectos significativos e a necesidade dunha avaliación ordinaria con alternativas reais, modelización e medidas vinculantes.

O proxecto supón un incremento da presión industrial nunha contorna urbana xa saturada, a destrución irreversible de solo agropecuario produtivo e a vulneración flagrante dos dereitos dos habitantes de Matamá.

Os datos do Rexistro Estatal de Emisións e Fontes Contaminantes (PRTR) amosan unha actividade industrial de gran escala (PSA Peugeot Citroën, Centro de Vigo de Stellantis), con emisións e residuos perigosos moi superiores aos habituais en polígonos urbanos. Estes datos evidencian que a contorna está condicionada por un foco industrial relevante, polo que a ampliación esixe avaliar: os impactos acumulativos e sinérxicos (plan+foco PRTR+tráfico/loxística+actividades auxiliares); a exposición da poboación da contorna residencial; a compatibilidade con obxectivos de calidade ambiental (aire/auga/ruído) no ámbito urbano.

Omítese un estudo do impacto social e sanitario da expropiación e expulsión residencial de 23 vivendas sen medidas de recolocación, sendo condición necesaria a incorporación ao proxecto dun plan de realoxo integral.

A creación dunha suposta “zona verde” resulta fraudulenta, xa que o ámbito xa funciona hoxe como espazo agrario e ambiental consolidado. O plan destruíría solo fértil, biodiversidade local e tecido rural tradicional para substituílos por zonas axardinadas artificiais ao servizo da expansión industrial. Ademais, a urbanización prevista provocará unha impermeabilización irreversible do solo e unha grave perda da súa funcionalidade ecosistémica e hidrolóxica.

A avaliación estratéxica debe incorporar alternativas razoables que incluían: alternativas de localización en solos empresariais periféricos; alternativas de optimización/densificación do polígono existente; alternativas de relocalización parcial ou por fases. Precedentes españois e europeos reforzan a idea de que a ampliación dun polígono industrial en contorna residencial consolidada é un modelo moi discutible e, en todo caso, non pode validarse sen unha análise comparada de alternativas de localización/relocalización/reconversión. Existen exemplos da industria do automóbil que demostran que é posible e rendible trasladar grandes centros de produción para mellorar a eficiencia e eliminar el conflito social.



Faise referencia á existencia de localizacións alternativas estratéxicas para levar a cabo o PEOSE, como a Plataforma Loxística Industrial Salvaterra-As Neves (PLISAN).

O documento non analiza adecuadamente a poboación afectada nin avalía alternativas razoables. Tampouco analiza o impacto do tráfico asociado, escenarios dun accidente industrial nin modeliza a calidade do aire.

O DAE carece dunha análise acumulativa/sinérxica coa instalación industrial existente (PRTR), omite a afectación social directa por expropiación residencial, non presenta alternativas razoables e omite un estudo de riscos tecnolóxicos detallado que analice as consecuencias de accidentes graves o fugas químicas. Tampouco incorpora unha liña base vinculada ao foco PRTR (aire/auga/ruído/cheiros/tráfico), non modeliza escenarios derivados do marco habilitante do plan e remite aspectos estruturais a fases posteriores (PDU).

No caso de acordarse a tramitación ordinaria, o documento de alcance debe incluír como mínimo: alternativas de localización/relocalización/reconversión; estudo de impactos acumulativos (aire/auga/ruído/tráfico) con base PRTR; estudo de tráfico e mobilidade con escenarios; estudo acústico predictivo e verificación dos obxectivos de calidade acústica; análise de poboación exposta e receptores sensibles.

5. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

O PEOSE non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos que se autorizan no ámbito de actuación delimitado.

A planificación proposta non inflúe noutros plans ou programas de carácter ambiental, nin resulta pertinente ou necesaria para a implantación da lexislación comunitaria ou nacional en materia de medio ambiente.

A ampliación do Polígono Industrial de Balaídos é unha actuación prevista nun instrumento de ordenación do territorio xerarquicamente superior como é o PSOAEG (na súa MP2), ademais de estar incluído no PXOM do concello de Vigo como sector urbanizable. En consecuencia, o desenvolvemento deste plan non implicará un novo consumo de solo respecto do actualmente planificado.

A execución do plan pode provocar as incidencias na paisaxe propias dun desenvolvemento urbanístico, implicando tanto a alteración nas coberturas do solo e a topografía como a aparición de novos elementos e construcións na paisaxe. Porén, a ampliación do polígono industrial de Balaídos proposta incide sobre terreos moi antropizados situados en continuidade ás instalacións industriais existentes. Ademais, a proposta de ordenación do PEOSE incorpora as reservas de zonas verdes ao longo do perímetro sur, podendo servir como áreas de amortecemento visual entre os núcleos residenciais da contorna e os novos usos industriais ou terciarios



previstos. Tendo en conta o sinalado, considérase que os efectos do planeamento sobre a paisaxe non terán un carácter significativo.

Non se prevén efectos significativos sobre o patrimonio natural, toda vez que nin no ámbito do PEOSE, caracterizado por un considerable grao de antropización, nin na súa contorna inmediata existen espazos protexidos ou elementos de especial interese que podan verse afectados polas actuacións propostas. A ordenación prevé integrar dentro das zonas verdes o curso do rego Pereiró (ZV-5) no entanto no borrador non foron establecidas medidas específicas para a súa rexeneración ambiental, aspecto que deberá ser tido en conta dado que a súa vexetación de ribeira se foi perdendo co paso do tempo. Por outra banda sinalar tamén que o borrador non incorpora o inventario de especies vexetais invasoras e as medidas previstas para a súa erradicación e control, requiridas nas determinacións vinculantes establecidas na ficha da MP2 do PSOAEG.

Os bens patrimoniais catalogados identificados dentro do ámbito de actuación, correspondentes co petróglifo de Redondelos (GA36057044) e dous dos elementos que forman parte do conxunto de fontes e lavadoiros en Matamá (ficha EL.15.001), quedan integrados dentro das reservas destinadas a dotacións de zonas verdes. Existen elementos catalogados situados fora do ámbito cuxa contorna de protección pode presentar unha potencial afección sobre o ámbito, como o Castro de Matamá (GA36057045) ou algúns dos hórreos pertencentes ao conxunto de hórreos da parroquia de Matamá (ficha EL.15.001), se ben as zonas de posible afección inciden sobre áreas do perímetro sur que tamén forman parte das reservas destinadas a zonas verdes.

A maior parte das zonas afectadas pola zona de inundable (T500) e de fluxo preferente asociadas aos cursos do río Lagares e do rego de Pereiró quedan incorporadas na ordenación nas reservas de solo destinadas a dotación de zonas verdes (fundamentalmente na ZV-5 e minimamente na ZV-2). Na zona de contacto co actual polígono tamén se ven afectados pequenas áreas da parcela industrial M-1 correspondentes con espazos actualmente transformados e ocupados por instalacións existentes. En todo caso nas zonas afectadas polos citados riscos deberase de dar debido cumprimento ás limitacións aos usos establecidos na normativa sectorial.

No documento do *Estudo de Avaliación acústica do PEOSE* unicamente foron analizados como focos emisores de ruído os derivados do tráfico da PO-010 e dos sistemas xerais viarios interiores proxectados, sen valorar as das novas instalacións industriais a implantar no sector. No estudo propónse a implantación de catro zonas de pantallas acústicas para mitigar a afección acústica sobre algúns edificios residenciais. Nas conclusións do citado estudo se sinala que existe certa superación dos obxectivos de calidade acústica nas parcelas de uso terciario, contemplando como medida para mitigar os efectos establecer as áreas afectadas como zonas non estanciais, tales como aparcadoiros ou similares. Segundo a información recollida



nos últimos mapas estratéxicos de ruído publicados⁷, o ámbito vese afectado polas emisións acústicas asociadas ás instalacións industriais existentes no actual polígono, superándose puntualmente nunha pequena área da parcela industrial que cubre a zona norte (M-1) os niveis de ruído ambiental admitidos na lexislación vixente para novos sectores de desenvolvemento de uso predominante industrial⁸. Lémbrese, tal como se establece na ficha do sector do PXOM e na da MP2 do PEOSE, que como medidas de amortecemento deben proxectarse faixas de arboredo antepoñendo as frondosas autóctonas, nos contornos da vía interior proxectada e que os espazos libres de edificación deben contribuír a reducir as emisións acústicas nos contornos residenciais de baixa densidade adxacentes. Sinalar tamén que a proposta de zonificación acústica recollida no plano *0.09 Zonificación acústica* non asigna ningún tipo de área acústica á maior parte da superficie proxectada.

O desenvolvemento do PEOSE incrementará as necesidades actuais de auga para abastecemento e os caudais de augas residuais xerados. Segundo o informado pola empresa concesionaria dos servizos municipais de abastecemento e saneamento de auga (Aqualia), o ámbito atópase na zona de subministro da ETAP de Casal, que dispón de capacidade suficiente para o caudal indicado para o abastecemento. Tamén indica que no caso de que o PEOSE comparta conexión coa rede existente na avenida Citroën, deberá de realizarse un estudo máis detallado para confirmar que a citada rede e a actual conexión do polígono existente poden garantir o incremento de demanda de abastecemento para a ampliación proxectada. Por outra banda tamén sinala que as redes existentes na contorna son de pequeno diámetro, non podendo garantir a nova demanda de abastecemento.

Ao respecto do saneamento Aqualia sinal que o ámbito conectarase á rede de saneamento que pertence á conca vertente cuxos colectores transportan as augas residuais cara á EDAR do Lagares, a cal dispón de capacidade para tratar o caudal indicado de saneamento de augas fecais. Ademais propón a prolongación e ramificación dos colectores interiores actuais a través do novo armazón viario previsto, sinalando que permitiría o saneamento do PEOSE sempre e cando se implante un sistema separativo sen sobrecargar con augas pluviais a rede existente no polígono actual.

A ampliación das actividades industriais existentes, así como a posible implantación de usos terciarios compatibles, xerarán nun incremento da mobilidade na zona. No PXOM foron avaliadas as necesidades de mobilidade globais derivadas dos novos desenvolvementos, entre eles o sector SUB 503 correspondente co PEOSE. O plan xeral establece que, no momento de avanzar cos novos desenvolvementos, deben analizarse as condicións de ligazón co sistema xeral viario, as propias condicións deste, e verificar a capacidade para absorber os incrementos que se poidan xerar. Neste sentido no *Anexo II: Estudo de avaliación da mobilidade* faise unha

⁷ Mapa Estratéxico de Ruído do concello de Vigo (ano 2022) fase 4^a

⁸ Segundo o Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas (táboa A do anexo II), nos novos desenvolvementos urbanísticos con uso predominante industrial non se poden superar os 70 dB durante o día e os 60 dB durante a noite.



caracterización do tráfico actual (2023), unha estimación do tráfico xerado polas actuacións programadas na posta en servizo do PEOSE (2027 fase 1 e 2035 fase 2) e do horizonte do plan (2055) e se calcula a capacidade da glorieta situada na PO-010 para o horizonte do plan. Se ben estima que a totalidade de tráfico xerado pola ampliación do polígono accederá dende a PO-010 e discorrerá polos novos viais de conexión, tamén valora o tráfico xerado pola conexión coa PO-330-avenida de Castrelos. Na liña do sinalado polo Concello de Vigo, considérase que o estudo tamén debe analizar os potenciais desprazamentos derivados do futuro enlace co nó de Baruxáns (vía M-00) que constituirá a futura rolda exterior de circunvalación intermedia da cidade.

No referente á mobilidade activa o plano *0.07 Mobilidade alternativa e aparcamentos* recolle a previsión de executar un viario mixto peonil-ciclista que atravesa pola zona central da zona verde ZV-1 dende o camiño Padrón ata enlazar coa rúa do Roupeiro. No borrador non se fai a previsión de incorporar carril-bici en ningún dos viarios principais (artigo 74.2 RLSG).

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Que a partir da documentación presentada polo promotor e, tendo en conta o resultado das consultas realizadas e os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, non se prevé que o "Plan estruturante de ordenación de solo empresarial da ampliación do Polígono industrial de Balaídos" no concello de Vigo teña efectos ambientais adversos significativos se se atenden as seguintes condicións:

- 1) Garantirase a adecuada conexión do PEOSE cos sistemas xerais exteriores de abastecemento de auga e de saneamento, así como a súa ampliación e reforzo (artigo 33.2 da Lei 3/2022 e artigo 68.g da LSG) conforme ás consideracións recollidas no informe emitido pola empresa concesionaria do servizo.
- 2) Deberán de contemplarse medidas para a rexeneración ambiental do curso do rego Pereiró, fundamentalmente encamiñadas a recuperar a súa vexetación de ribeira asociada. Tamén deberá de incorporar un inventario das especies exóticas invasoras presentes no ámbito de actuación e contemplar as medidas necesarias para a súa erradicación e control.
- 3) Nas zonas afectadas por risco de inundación deberase dar debido cumprimento ás limitacións aos usos que establecen o Regulamento do Dominio Público Hidráulico e o Plan hidrolóxico Galicia-Costa para as zonas de fluxo preferente e zonas inundables (T500).
- 4) O estudio acústico do PEOSE deberá estudar todos os focos emisores de ruído, existentes e proxectados, prevendo as medidas precisas destinadas a minimizar as afeccións acústicas. As medidas deberán de cumprir o



establecido na ficha do sector do PXOM e na da MP2 do PSOAEG. Analizarase en detalle a área da parcela industrial M-1 na que actualmente, segundo o recollido no Mapa Estratéxico de Ruido do concello de Vigo (ano 2022) fase 4ª, se superan os niveis de ruído ambiental admitidos na lexislación vixente para un novo desenvolvemento urbanístico con uso predominante industrial.

- 5) O plano de zonificación acústica (O.09) deberá de incorporar a delimitación de áreas acústicas en toda a superficie de actuación conforme aos usos pormenorizados do solo.
- 6) O estudo de mobilidade deberá de analizar os potenciais desprazamentos derivados do futuro enlace co nó de Baruxáns que incidirá no tráfico soportado polo viario de sistema xeral previsto no interior do PEOSE.

Este informe ambiental estratéxico remitirase ao promotor e ao órgano substantivo, xunto con copia dos informes recibidos na fase de consultas previas, e farase público a través do *Diario Oficial de Galicia* e do portal web desta consellería (<https://medioambiente.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>).

Segundo o disposto no artigo 35.2.c) da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás que se acorde unha prórroga por dous anos adicionais.

Contra o informe ambiental estratéxico non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra o acto de aprobación definitiva do instrumento de planeamento, nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Alejandro Carrera López
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

María José Echevarría Moreno
Directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

